



BOP

SÁBADO, 19 DE ABRIL DE 2025

N.º 089

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA. SERVIZO DE DEPORTE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS BASES DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos y energías alternativas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2025, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 10 de abril de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, P.S. a Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 1007

CONCELLOS**BÓVEDA***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2025 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, cadro de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE GASTOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	879.140,64
2	Gastos en bens correntes e servizos	614.975,73
3	Gastos financeiros	703,00
4	Transferencias correntes	13.150,50
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	300,00
6	Investimentos reais	19.408,77
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,50
TOTAL GASTOS		1.527.679,14€

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE INGRESOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	293.371,92
2	Impostos Indirectos	10.600,00
3	Taxas e Outros Ingresos	529.984,51
4	Transferencias correntes	687.284,65
5	Ingresos Patrimoniais	6.438,06
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00

7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS		1.527.679,14 €

CADRO DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación	Núm. prazas	Grupo	Nivel	Situación
1.- Habilitación de carácter xeral				
1.1. Secretario-Interventor agrupado co Concello de O Incio	1	A1	30	En propiedade
2. Escala Administración Xeral				
2.2 Subescala Administrativa				
2.2.1 Administrativo	1	C1	22	En propiedade
2.2.1 Administrativo	1	C1	18	Vacante
2.2.1 Administrativo	1	C1	18	Vacante

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación	Núm. Prazas	Situación
Operario de mantemento	1	En propiedade
Operario de servizos múltiples	1	En propiedade
Traballador/a Social	1	Vacante
Auxiliar de axuda no fogar	7	En propiedade
Auxiliar de Punto Atención á Infancia	1	En propiedade
Director/a de Punto Atención á Infancia	1	En propiedade
Animador/a Sociocultural	1	En propiedade
Auxiliar administrativo	1	En propiedade
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL)	1	En propiedade

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Núm. Prazas
Auxiliar de axuda no fogar	1

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Bóveda, 14 de abril de 2025.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1030

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de abril de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de marzo de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 11 de abril de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1014

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de marzo 2025, integrado por 20 recibos por importe total de 7.343,00 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de centro de día correspondente ao mes de marzo 2025, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 8 de abril de 2025.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1015

LÁNCARA

Anuncio

A alcaldía do concello de Láncara o 11.04.2025 adoptou o acordo que se transcribe, en cumprimento da base reguladora 5 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral polo sistema de acceso libre, dun/ha operario/a de servizos múltiples (OEP 2021), pertencente a agrupacións profesionais, subgrupo “E”, aprobadas por decreto da alcaldía número 282, con data do 19 de novembro de 2024, publicadas no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2024, publicación da convocatoria no BOE núm. 19 de 22.01.2025:

“Decreto.- Láncara na data da sinatura electrónica á marxe.

Antecedentes.-

I.- Bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo polo sistema de acceso libre, dun/ha operario/a de servizos múltiples (OEP 2021), pertencente a agrupacións profesionais, subgrupo "E", aprobadas por decreto da alcaldía número 282, con data do 19 de novembro de 2024, publicadas no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2024.

II.- Anuncio de convocatoria publicado no Diario Oficial de Galicia, número 251 do martes, 31 de decembro de 2024, e no Boletín Oficial do Estado, número 19 do mércores 22 de xaneiro de 2025.

III.- Anuncio de aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para o posto ofertado no BOP de Lugo núm. 068 do luns, 24 de marzo de 2025, outorgando un prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións e subsanar a documentación. Non consta alegación alguna.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas:

Praza de PEÓN de servizos múltiples:**Persoas admitidas:**

Nome e apelidos	DNI	Exención da proba galego
Alejandro Rodríguez Ramos	71****40V	SI
José Miguel Conde González	33****75V	NON
José Manuel Fernández Abuín	33****12X	SI
José López Castro	33****77C	SI
Emilio López López	76****42E	SI
José Luís Folgueiras Fernández	33****72X	NON
José Antonio Santos Montero	33****75A	NON

Persoas excluídas:

Non hai.

Segundo.- Designar as seguintes persoas como integrantes do tribunal cualificador:

Presidencia:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Vogais:

Titular: Don Manuel Pillado Rego, adxunto ao xefe do Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Fernández González, maquinista - condutor no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Titular: Don Alfonso Fernández Alonso, coordinador xefe Vixilancia Vías Provinciais no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Víctor Luaces Luaces, capataz Vixilancia Vías Provinciais no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana Castañal Fernández, administrativa do concello de Láncara.

Suplente: Dona Olga Mª González Yebra, traballadora social do concello de Láncara.

Secretaría:

Titular: Dona Mónica Vázquez Fandiño, secretaria interventora do concello de Láncara.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

As persoas integrantes do Tribunal absteranse de intervir, comunicándollo á alcaldía. As persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime

xurídico do Sector Público, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas de abstención e recusación dos membros do tribunal de conformidade cos artigos 23 e 24 da citada Lei 40/2015, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Terceiro.- Citar aos membros do tribunal para que comparezan na Casa Consistorial do Concello de Láncara o día **5 de maio de 2025, ás 10.00 horas**, para a súa constitución.

Cuarto.- Citar ás persoas aspirantes admitidas para o vindeiro día **7 de maio de 2025 no polifuncional do Campo da Feira situado en A Pobra de San Xiao, ás 9.00 horas**, co obxecto de proceder á realización da proba tipo test que se recolle na base sétima. As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Quinto.- Notifíquese ás persoas integrantes do Tribunal e publíquese no BOP de Lugo e no taboleiro de edictos da sede electrónica <https://lancara.sedelectronica.gal> a presente resolución."

Láncara, 11 de abril de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1016

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 9 de abril de 2025, aprobou o padrón de vados correspondente ó exercicio 2025.

O importe total do padrón ascende a 588,00 €, sendo o período voluntario de cobro dende o día 10 de abril ata o 10 de xuño de 2025, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da LXT, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 11 de abril de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1017

MONDOÑEDO

Anuncio

O 11 de abril de 2025, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2025-0088, que literalmente di:

"RESOLUCIÓN ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O "PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO"

Logo de ver o "PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO", aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 8 de abril de 2025.

Considerando a figura do/a funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Isto é, o devandito artigo, contempla aos funcionarios/as interinos/as aos que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, poden ser nomeados para a execución de programas de carácter temporal. Este é o caso do/a responsable deste programa temporal.

Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, que no artigo 47 regula os criterios de renovación do financiamento básico para gastos

correntes, considerando financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios, o que ten como finalidade garantir a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais. A Xunta de Galicia garantirá a renovación do financiamento básico para o funcionamento dos Servizos Sociais Comunitarios a cada unha das corporacións locais de Galicia, tomando como referencia para cada anualidade os Servizos Sociais Comunitarios financiados, efectivamente prestados e correctamente xustificadas no exercicio inmediatamente anterior. Para estes efectos, e dentro dos conceptos de gasto corrente financiábel consonte o artigo 41.5 deste decreto, renovarase cada anualidade, como financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios o correspondente aos gastos derivados dos traballadores e traballadoras sociais que constitúen o persoal técnico das unidades de traballo social de todas as corporacións locais titulares dos servizos.

Visto que con data de rexistro de entrada do 15 de novembro de 2024, o Concello de Mondoñedo recibiu da Consellería de Política Social e Igualdade, unha notificación de concesión de subvención para o exercicio 2024 de 2,5 traballadores/as sociais (prórroga de 2,5 traballadores/as sociais que xa tiña concedido), ao abeiro do Decreto 99/2012 do 11 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento e máis documentación correspondente á xustificación e avaliación do exercicio 2023 de conformidade cos criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes de Servizos Sociais Comunitarios Municipais, previstos no seu artigo 47 e cos criterios de determinación de posibles variacións do financiamento para estes gastos correntes previstos no artigo 48.

Debido a necesidade de garantir a continuidade, a estabilidade e manter a calidade na prestación de programas e/ou servizos de información e asesoramento, axuda no fogar e inclusión social, é necesario e imprescindible a contratación doutro profesional do traballo social para que realice as funcións que se lle designen nos referidos programas.

O Alcalde asinou unha providencia que incoa o expediente para o **“PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”**, mediante o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Isto é, o devandito artigo, contempla aos funcionarios interinos aos que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, poden ser nomeados para a execución de programas de carácter temporal. Este é o caso do/a responsable deste programa temporal, que realizará a súa labor desde o momento da súa toma de posesión e durante un período temporal de tres anualidades: 1 TRABALLADOR/A SOCIAL a tempo completo, así como unha memoria que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia precisa, de xeito puntual, co único obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a de programa (art. 10.1.c do TRLEBEP), a través das **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”**. A súa duración será desde o momento da súa toma de posesión e durante un período temporal de tres anualidades. As titulacións esixidas para este posto serán: Diplomatura ou Grao en Traballo Social.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 11 de abril de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”

PRIMEIRA.—OBJECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior nomeamento dun/dunha TRABALLADOR/A SOCIAL, a tempo completo, como funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”. A súa duración será desde o momento da súa toma de posesión e durante un período temporal de tres anualidades, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 8 de abril de 2025.

Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, que no artigo 47 regula os criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes, considerando financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios, o que ten como finalidade garantir a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais. A Xunta de Galicia garantirá a renovación do financiamento básico para o funcionamento dos Servizos Sociais Comunitarios a cada unha das corporacións locais de Galicia, tomando como referencia para cada anualidade os Servizos Sociais Comunitarios financiados, efectivamente prestados e correctamente xustificadas no exercicio inmediatamente anterior. Para estes efectos, e dentro dos conceptos de gasto corrente financiados consonte o artigo 41.5 deste decreto, renovarase cada anualidade, como financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios o correspondente aos gastos derivados dos traballadores e traballadoras sociais que constitúen o persoal técnico das unidades de traballo social de todas as corporacións locais titulares dos servizos.

Visto que con data de rexistro de entrada do 15 de novembro de 2024, o Concello de Mondoñedo recibiu da Consellería de Política Social e Igualdade, unha notificación de concesión de subvención para o exercicio 2024 de 2,5 traballadores/as sociais (prórroga de 2,5 traballadores/as sociais que xa tiña concedido), ao abeiro do Decreto 99/2012 do 11 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento e máis documentación correspondente á xustificación e avaliación do exercicio 2023 de conformidade cos criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes de Servizos Sociais Comunitarios Municipais, previstos no seu artigo 47 e cos criterios de determinación de posibles variacións do financiamento para estes gastos correntes previstos no artigo 48.

As funcións serán as contempladas no citado Programa Temporal, así como as que encomende o Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue, e entre outras as seguintes:

- Atención individualizada ás persoas coas que se está a traballar.
- Realización dos seguimentos bimensuais dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Mondoñedo
- Realización dos Proxectos individualizados e contratos dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Mondoñedo.
- Apoio na avaliación do Programa de Axuda no Fogar.
- Tramitación e realización do programa de alimentos.
- Apoio no programa de información, asesoramento a toda a poboación de Mondoñedo.
- Tramitación e xestión de recursos aos usuarios dos Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo
- Realización de coordinación co resto de profesionais dos servizos sociais do Concello de Mondoñedo.

Traballarase de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, realizando xornada intensiva, tres (3) días de mañá e dous (2) de tarde.

Os desprazamentos realizaranse no vehículo propio con resarcimento da quilometraxe realizada.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DA RELACIÓN LABORAL

1.- MODALIDADE E DURACIÓN: Considerando a figura do funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Isto é, o devandito artigo, contempla aos funcionarios/as interinos/as aos que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, poden ser nomeados para a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, é a máis axeitada para levar a cabo este programa temporal.

2.- XORNADA DE TRABALLO, será a tempo completo. Traballarase de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, realizando xornada intensiva, tres (3) días de mañá e dous (2) de tarde.

3.- RETRIBUCIÓN: As retribución serán as correspondentes ao persoal do grupo A, subgrupo A2, Complemento de Destino 16, Complemento Específico 160,69 €.

CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- f) **Titulacións académicas:** Estar en posesión da seguinte titulación: Diplomatura ou Grao en Traballo Social.
- g) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

h) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispoñer de medio de transporte para desprazarse aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 TREBEP).

i) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

QUINTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante unha das seguintes opcións:

a) Correo electrónico dirixido a: concellomondonedo@gmail.com, indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA O PROGRAMA TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL e achegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida e acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4”, ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª.2).
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso-oposición convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista

provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros, e atenderase á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: Tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do Tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, de ser o caso, o Tribunal terá a categoría primeira (1ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**:

A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.

1.- FASE DE CONCURSO: A puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos.

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:

a) Por servizos prestados en calquera administración pública: 0,06 puntos/mes.

b) Por servizos prestados en empresas privadas: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera

outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

1.2.-ACCÍONS FORMATIVAS

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.

Accións formativas específicas directamente relacionadas co emprego a desenvolver.

a) Cursos de máis de 300 horas 0,60 puntos por curso.

b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.

c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso

d) Cursos de 10 a 50 horas, 0,15 puntos por curso

Neste apartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Sepe, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

2.- FASE DE OPOSICIÓN: A puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter **obligatorio e eliminatorio**:

- Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obligatorio e eliminatorio.
- Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición. No caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo a da empresa privada. Se o empate continúa, dirimirase con base nas titulacións académicas complementarias. De persistir o empate, este dirimirase con base nas Accións Formativas. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento aos candidatos/as que máis puntuación obtivesen, non podendo declarar que superaron a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncien ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

DÉCIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaráase mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

b) Certificado de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o nomeamento, nin a toma de posesión, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOMEAMENTO DO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o nomeamento a favor da persoa proposta polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO SEGUNDA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado.

2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

3.- Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou na prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciasen a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO.

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>). O resto de actos do procedemento publicaranse na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

DÉCIMO CUARTA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO QUINTA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./Dona _____ con DNI
_____, nado/a (data nacemento) _____ con enderezo a efectos
de notificación en _____ C.P.
_____, Concello _____ teléfono nº
_____, e correo electrónico
_____.

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de TRABALLADOR/A SOCIAL, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 11 de abril de 2025.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separada do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo, de de 2025

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANEXO II (TEMARIO)**Materias xerais:**

1. A Constitución Española do 1978.
2. Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
3. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
4. O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
5. O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
6. A provincia. Organización Provincial. Deputacións.
7. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
8. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
9. O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.
10. Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.
11. Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
12. A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.

Materias específicas:

1. Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
2. Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia.
3. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
4. Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
5. Orde do 2 de xaneiro de 2012, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes
6. Orde de 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda ao fogar.
7. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.
8. Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión de Galicia.
9. Regulamento nº 23 de Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Mondoñedo (BOP de Lugo de 8 de abril de 2014).
10. Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.
11. Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
12. Orde do 16 de novembro de 2023, pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
13. Orde do 30 de novembro de 2023, pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
14. O servizo de educación e apoio familiar.
15. Pensións non contributivas. Modalidade e requisitos.
16. Técnicas e instrumentos de traballo social.

17. Marco normativo na protección integral contra a violencia de xénero e para a igualdade de mulleres e homes. Dereitos das mulleres vítima de violencia de xénero.
 18. Soportes informáticos e instrumentais do traballo social.
 19. Estrutura do sistema galego de SS.SS. Catálogo de SS.SS. Equipo profesional e funcións.
 20. Deontoloxía e principios éticos do traballo social.
 21. Programa de Xantar na Casa
 22. Programa de Teleasistencia Domiciliaria
 23. Programa de Axuda Humanitaria ás persoas mais desfavorecidas. “
- Mondoñedo, 11 de abril de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1018

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS DE TRASNCRICIÓN NAS BASES PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO, PERTENECENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.

Detectados erros da transcripción na publicación no BOP de Lugo nº 67 de 22 de marzo de 2025, das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión, como funcionario/a de carreira, dunha praza de administrativo, pertencentes á Escala de Administración xeral, Subescala administrativo, polo procedemento de oposición, procédese a emenda dos mesmos co seguinte detalle:

Onde pon:

(....)

6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4) Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso a valorar. Só se admitirán como válidos os méritos documentalmente xustificadas e presentados xunto coa instancia. Non se tomarán en conta aqueles que sexan xustificadas con posterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias.

(...)

6.11.- Excepcionalmente, dada a relevancia da documentación acreditativa dos requisitos no procedemento selectivo ao ser de concorrencia competitiva para o acceso ao emprego público, ou no caso de que existan dúbidas derivadas da calidade da copia, poderase solicitar aos participantes o cotexo das copias achegadas por eles, requiríndoselles a exhibición do documento orixinal.

No momento da valoración da fase de concurso só serán obxecto desta os méritos alegados e achegados coa solicitude, de conformidade co establecido nesta base, no prazo de presentación de solicitudes. No entanto, no suposto de solicitar certificación/s a calquera administración pública ou institución e prevéxase polo aspirante que a/as mesma/s non se lle vai/van a expedir antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, o/a interesado/a deberá unir a súa instancia de participación copia da solicitude do certificado que, unha vez en posesión do mesmo, deberá incorporar a súa solicitude de participación, antes da data de constitución do Tribunal Cualificador, para que poida ser tida en conta por este.

(...)

11.7.- OPOSICIÓN:

(....)

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso obter cinco puntos, como mínimo. O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.

Segundo exercicio práctico:

(...)

Para a realización do exercicio práctico, os/as aspirantes non poderán utilizar de textos legais.

(...)

13.1.-

e.- Copia autentica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da documentación acreditativa dos méritos valorados na fase de concurso.

Deberá poñer:

6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4) Eliminado.

(...)

6.11.- Eliminado

(...)

11.7.- OPOSICIÓN:

(....)

A proba será cualificada polo tribunal de cero a cincuenta puntos, sendo preciso obter vinte e cinco puntos, como mínimo. O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.

Segundo exercicio práctico:

(...)

Para a realización do exercicio práctico, os/as aspirantes poderán utilizar de textos legais.

(...)

13.1.- e.- Eliminado

Monforte de Lemos, 14 de abril de 2025.- A 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R.1031

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Expediente n.º: 468/2025

Procedemento: Concesión Administrativa de Uso Privativo dun Ben de Dominio Público en Réxime de Concorrenza

Asunto: Concesión bar piscina municipal do Concello de Outeiro de Rei.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei aprobou en sesión de 10 de abril de 2025 o expediente administrativo de concesión demanial de uso privativo de ben público en réxime de concorrencia – concesión bar piscina municipal en Urbanización St. Isabel – Outeiro de Rei, convocando a súa licitación.

Polo anterior publícase no BOP de Lugo o prego de condicións que rexerá a concesión.

O proxecto de equipamento imprescindible e complementario redactado por técnico competente será publicado na mesma data na sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei (outeiroderei.sedelectronica.gal / perfil do contratante) publicándose igualmente nesta carpeta o resto dos acordos.

Os interesados teñen un prazo de 30 días naturais para presentar as ofertas. O equipamento imprescindible e complementario debe de ser colocado polo concesionario de forma obrigatoria previo ó inicio da actividade

BASES CONCESIÓN BAR PISCINA

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a concesión demanial de uso privativo do Bar da Piscina Municipal, para a prestación do devandito servizo na instalación, mediante a súa explotación durante o prazo establecido.

A concesión executarase de conformidade coas condicións recollidas nas presentes bases, que son Lei do contrato.

A explotación das instalacións municipais será a risco e ventura do concesionario, e o seu outorgamento será salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

O bar atópase situado dentro do recinto da Piscina, sita en Urbanización Santa Isabel s/n – Outeiro de Rei, estando cualificado como ben de dominio público.

SEGUNDA.- NECESIDADE A SATISFACER.

Coa execución do contrato satisfácese a necesidade de destinar as instalacións existentes na Piscina Municipal, para a súa utilización como bar de acceso público, a través da instalación dun negocio que require a cesión dun ben demanial mediante o súa utilización privativa con beneficio do particular que ocupa o espazo cedido, obtendo como contraprestación o canon para satisfacer por parte do mesmo, co rendemento que iso comporta para as arcas municipais.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación da concesión será o procedemento de concorrencia, en o que calquera interesado poderá presentar unha oferta, de acordo co artigo 93.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando os criterios establecidos na base 12ª.

A participación no procedemento non crea dereito algún, en tanto non se proceda polo Concello para adxudicar a concesión

CUARTA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

A adxudicación da concesión corresponde ao Alcalde, en virtude do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e na Disposición Adicional 2ª, apartado 9, da Lei 9/17, de Contratos do Sector Público. Consta delegación de competencias en Xunta de Goberno Local por Decreto de 19 de xuño de 2023.

O órgano de contratación é competente para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca a súa execución, modificalo e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto adopte, serán executivos, sen prexuízo de dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

QUINTA.- PUBLICIDADE

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información da presente licitación, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, o Concello fará pública a convocatoria mediante anuncio No Boletín Oficial da provincial de Lugo.

SEXTA.- DURACIÓN.

O prazo polo que se adxudica a concesión é de 2 anos, prorrogables de común acordo entre as partes por un período de 2 anos mais. A prórroga deberá solicitarse polo adxudicatario cun prazo de tres meses de antelación á finalización da concesión.

O prazo da concesión comezará a contar desde a data de posta ao dispor das instalacións, considerándose a tales efectos a data da firma do contrato, que deberá realizarse no prazo de 5 días hábiles a contar desde o seguinte da notificación da adxudicación. .

Para ese efecto, formalizarase un inventario antes do inicio da concesión, subscrito polo Concello e o concesionario

SÉTIMA.- CANON.

O canon da concesión establécese na cantidade de CEN EUROS (100,00 €), anuais, mellorables á alza.

O referido canon incrementarase a partir do segundo ano co I.P.C. interanual, correspondente ao ano precedente.

O pago polo concesionario efectuarase nos seguintes termos:

- O 1º ano, con anterioridade á adxudicación do contrato. En caso de non realizarse este pago, non poderá procederse á mesma, polo que o contrato non se perfeccionará, por ser requisito imprescindible para ese efecto.
- O 2º ano e sucesivos, no prazo máximo de dez días, a contar desde a comunicación por parte do Concello ao concesionario do incremento do IPC interanual aplicable.

OITAVA.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PARTES.

I. Dereitos do Concello:

1.- Inspeccionar as instalacións e a documentación relacionada co obxecto do contrato, e ditar as ordes precisas para manter ou restablecer a debida prestación, impondo ao concesionario as correccións pertinentes

2.- Deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevindas de interese público, mediante resarcimiento dos danos que causásense, ou sen o mesmo cando non procedese.

II. Obrigacións do Concello:

1.- Poñer ao dispor do concesionario os bens e instalacións convidas.

2.- Outorgar ao concesionario a protección adecuada para que poida prestar o servizo debidamente.

III. Dereitos do concesionario:

1.- Percibir integramente a recadación que se obteña no bar.

2.- Esixir ao Concello o bo funcionamento das instalacións, salvo en caso de avarías imputables á falta de dilixencia do adxudicatario.

3.- A adquisición polo concesionario do material, mobiliario, electrodomésticos ... que se precise para a mellor prestación do servizo, conforme o indicado nos pregos de prescripcións técnicas.

IV.- Obrigacións do concesionario

Ademais das obrigacións recollidas noutros apartados das bases, o concesionario terá as seguintes:

1.- A concesión será inalterable a partir do seu perfeccionamento, e deberá ser cumprida con estrita suxeición ás estipulacións contidas nas presentes bases.

2.- Destinar as instalacións ao obxecto específico da concesión, e non aplicalas a outros usos.

3.- Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros.

4.- Achegar todo o persoal necesario na explotación do bar, de ser necesario. Este persoal dependerá única e exclusivamente do concesionario a todos os efectos, e en ningún caso terá vínculo laboral co Concello.

5.- Cumprir as disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, e de seguridade e hixiene no traballo, e calquera outras que sexan de aplicación.

6.- Prestar o servizo durante o prazo de duración da concesión

O horario mínimo de apertura, de obrigado cumprimento, será o de apertura da piscina, debendo, en todo caso, respectar os horarios legalmente establecidos.

7.- Pagar o canon de adxudicación nos prazos establecidos.

8.- Entregar ao Concello a acreditación documental daqueles aspectos da concesión que expresamente se lle soliciten.

9.- O concesionario queda obrigado a dispoñer dunha carta con todos os produtos e servizos que ofrezca, cos seus correspondentes prezos.

10.- Sen prexuízo dos bens que a Administración poña á súa disposición, o adxudicatario achegará, á súa costa, todos os demais utensilios, elementos e mobles necesarios para a adecuada xestión do servizo, que figuran no prego de prescripcións técnicas.

12.- Estará obrigado a unha correcta conservación e limpeza do local do bar e das instalacións da piscina, cortar a herba na zona das piscinas e vixianza de toda a instalación e do centro BTT.

13.- Someterse ás inspeccións sanitarias e/ou doutro tipo que realicen as Administracións competentes.

14.- O Concello, como entidade contratante, non asumirá ningunha responsabilidade por danos causados a terceiros como consecuencia do servizo prestado, nin polos danos ocasionados ou sufridos polos empregados da empresa, polo que o adxudicatario se obriga a contratar á súa costa unha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos que poidan causarse en desenvolvemento da actividade polo concesionario a terceiros, cun capital mínimo de 200.000 euros, sen franquía. Ademais de xustificar acharse en posesión destes seguros previamente á firma do contrato, o concesionario deberá presentar anualmente o xustificante da súa renovación, durante o período de duración da concesión, incluíndo as posibles prórrogas.

15.- Correrán por conta do concesionario os gastos de conservación e de reparacións ordinarias dos electrodomésticos adscritos ao obxecto da concesión.

16.- O concesionario non pode utilizar o nome do Concello nas súas relación con terceiras persoas a efectos de facturación de provedores ou calquera outro que poida ter con persoas ao seu servizo ou coas que manteña relacións comerciais ou profesionais. O concesionario será o único responsable en todo o relativo á xestión do servizo.

NOVENA.- CAPACIDADE DE CONTRATAR.

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en ningunha das prohibicións e incapacidades para contratar, reguladas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DECIMA.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA OU PROFESIONAL.

De conformidade co disposto no artigo 11.5 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e dada a contía do presente contrato, non se require acreditación de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

UNDÉCIMA.- GARANTIA PROVISIONAL E DEFINITIVA.

Non se esixe a prestación de garantía provisional nin definitiva

DUODÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**1 - Condicións previas.**

As proposicións dos interesados deberán axustarse ás bases e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada do contido da totalidade das súas cláusulas, sen condición ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta.

2 - Lugar e prazo de presentación de ofertas.

O prazo de presentación de ofertas será de TRINTA días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme o disposto no artigo 96 da LPAAPP 33/2003.

Se o último día fose inhábil, o prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

A presentación das ofertas realizarase no Rexistro do Concello, en horario de 9 a 14 horas.

Cando a documentación sexa enviada por correo, estarase ao disposto no artigo 80.4 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3 - Contido das proposicións.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dúas sobres pechados, asinados polo licitador, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a concesión demanial do Bar da Piscina Municipal.

A denominación de cada un dos sobres é a seguinte:

— Sobrar «A»: Documentación Administrativa.

— Sobre «B»: Oferta Económica.

Os documentos para incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos:

SOBRE «A»**DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica, e no seu caso, a representación.

— En canto a persoas xurídicas, fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

— En canto a persoas físicas, Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.

— Os que comparezan ou asinar ofertas en nome doutro, acreditarán a representación de calquera modo adecuado en Dereito.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar rexistrado no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

b) Unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas nas presentes bases.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, n.º _____, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación para a concesión do Bar da Piscina Municipal,

DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na referida licitación.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polas bases da licitación para ser adxudicatario, en concreto:

— Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola quese transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

— Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

— Que a dirección de correo electrónico en que efectuar notificacións é

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que faise referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Firma do declarante

Asdo.: _____»

SOBRE «B»

OFERTA ECONÓMICA E INVESTIMENTOS A REALIZAR

a) Oferta económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

“D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, n.º _____, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, interesado no expediente para a concesión do Bar da Piscina Municipal, fago constar que coñezo as bases que serven de base ao contrato e acéptoaas integramente, tomando parte da licitación e ofertando polo ben en concepto de canon, a cantidade de _____ euros/ano.

En _____, a ___ de _____ de 2025.

Asdo.: _____.”

DÉCIMO TERCEIRA.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta se atenderá aos seguintes criterios:

1 – Prezo anual: ata un máximo de 100 puntos.

A oferta máis alta terá a puntuación máxima e a que se axuste ao canon mínimo de licitación será avaliada con 0 puntos. O resto de ofertas valoraranse de acordo cunha regra proporcional de 3 sendo 100 puntos a oferta mais alta

En caso de empate, concederase un prazo para a presentación de nova oferta económica por parte dos licitadores afectados.

DÉCIMO CUARTA.- MESA DE LICITACIÓN.

A Mesa de licitación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa.

A composición da Mesa será a seguinte:

- Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, que actuará como Presidente.
- A Secretaria municipal, que actuará como Vogal.
- A Interventora municipal , que actuará como Vogal.
- A Arquitecta municipal, que actuará como Vogal.
- Un funcionario administrativo da Corporación, que actuará como Secretario da Mesa.

DÉCIMO QUINTA.- APERTURA DE OFERTAS.

Constituída a Mesa de licitación, procederá a examinar a documentación recollida no primeiro sobre e, se apreciase a existencia de erros emendables, notificarao aos interesados para que nun prazo máximo de tres días procedan á devandita corrección.

Transcorrido este prazo a Mesa determinará que licitadores se axustan aos criterios de selección establecidos no prego.

No lugar e hora sinalados e en acto público, procederase á comprobación de os licitadores admitidos, e realizarase a apertura dos sobres que conteñan as proposicións, podendo rexeitarse no momento aquelas que non gardasen concordancia coa documentación examinada e admitida, que se apartasen substancialmente do modelo ou comportasen erro manifesto.

Determinada pola Mesa a proposición máis vantaxosa, levantarase acta, e formularase proposta de adxudicación

DÉCIMO SEXTA.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibiría o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Último recibo do Imposto de Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, no epígrafe correspondente ao obxecto do presente contrato
- Xustificante da subscrición do seguro indicado
- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente de pago co Concello, que será solicitada de oficio polo mesmo.
- Xustificante de pago do canon correspondente á primeira anualidade.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, se entenderá que a licitador renuncia á adxudicación.

En caso de renuncia poderá procederse á adxudicación á segunda oferta máis vantaxosa, ben á declaración motivada da adxudicación como deserta, podendo procederse á adxudicación directa da concesión.

DÉCIMO SÉPTIMA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato no prazo de cinco días desde a recepción da mesma.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible, salvo motivos de interese público debidamente xustificados.

A resolución da adxudicación notificarase ao adxudicatario e publicarse na sede electrónica, servindo de notificación ao resto de licitadores.

DÉCIMO OITAVA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización da concesión en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de quince días hábiles, a contar desde a adxudicación.

DECIMONOVEVA.- RÉXIME SANCIONADOR.**1 – Clase de infraccións.**

As infraccións nas que poida incorrer o concesionario durante a prestación do servizo, clasifícanse en moi graves, graves e leves, tendo en conta para a súa cualificación as circunstancias concorrentes en cada caso, tales como intencionalidade, negligencia, reiteración, existencia ou non de danos para o servizo e para os intereses dos usuarios, e a contía de tales danos.

a) Terán a consideración de infraccións moi graves:

- A demora na legalización da actividade ante a Administración e/ou autoridade sanitaria.
- A demora no comezo da prestación do servizo.
- A paralización ou interrupción na prestación do servizo por máis de corenta e oito horas, salvo en caso de forza maior, e sempre aviso previo á Alcaldía.
- Allear bens afectos á explotación da instalación que houbesen de reverter ao Concello, ou gravalos sen autorización expresa do mesmo.

- A reiteración de faltas graves.

- As infraccións á lexislación tributaria, laboral, de seguridade social, sanitaria ou de consumo que, na respectiva normativa, teña a consideración de grave.

b) Terán a consideración de infraccións graves:

- O incumprimento das ordes dadas polo Concello.

- O incumprimento das obrigacións laborais e coa Seguridade Social do persoal contratado polo concesionario.

- Non prestar o servizo do modo disposto nas bases ou ordes do Concello.

- Producir danos a terceiros como consecuencia do mal funcionamento do servizo.

- Non pagar o importe das sancións impostas

- A expedición de bebidas alcohólicas e tabaco a menores de idade.

- O mal uso das instalacións que dea lugar á deterioración das mesmas. En este caso, procederá á reposición dos danos causados.

- A reiteración de tres faltas leves.

c) Terán a consideración de infraccións leves:

- O atraso no cumprimento das ordes dadas polo Concello.

- A falta de decoro e hixiene na prestación dos servizos aos usuarios, tanto polo concesionario como polo persoal ao seu cargo.

- A infracción do deber de facturación nos servizos que presta.

- A venda de produtos non autorizados.

- A deterioración e sucidade das zonas obxecto de contrato.

- O trato incorrecto ao público.

2 - Multas.

Previa audiencia do contratista, poderá impoñer o Concello ao concesionario, por as infraccións recollidas anteriormente, as seguintes multas:

- Por infraccións moi graves, multas de 301 a 1.000 €, podendo dar lugar á rescisión do contrato, de conformidade co establecido nas presentes bases.

- Por infraccións graves, multas de 100 a 300 €, podendo ser obxecto de amoestación no caso de tratarse da primeira vez.

- Por infraccións leves, amoestación.

O importe das multas farase efectivo polo contratista no prazo máximo de dez días, a contar desde aquel en o que a decisión do órgano de contratación teña carácter firme.

3 – Procedemento para a imposición de penalidades.

Para a imposición de penalidades, instruirase un expediente no que se concederá ao concesionario un prazo de audiencia de cinco días naturais para que formule as alegacións que estime oportunas, e resolverase polo Sr. Alcalde.

As penalidades impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas mediante dedución dos pagos correspondentes que o Concello tivese que facer o, no seu caso, poderanse reclamar pola vía administrativa de coarinximento.

VIXÉSIMA.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

Serán causas de extinción da concesión, facultando ao órgano de contratación para acordar a resolución do mesmo, as seguintes

a) Morte ou incapacidade sobrevinda do concesionario individual ou extinción da personalidade xurídica.

b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do concesionario.

c) Caducidade por vencemento do prazo.

d) Rescate da concesión, previa indemnización, ou revogación unilateral da autorización.

e) Mutuo acordo.

f) Falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento que constitúa infracción moi grave, de acordo coas presentes bases.

g) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.

h) Desafectación do ben, nese caso procederase á súa liquidación conforme ao previsto no artigo 102 LPAP.

i) Calquera outro incumprimento grave do concesionario das obrigacións polas que se rexe esta concesión, entendéndose polas mesmas, entre outras, os seguintes:

1 - A non formalización da concesión nos prazos establecidos.

2 - Non destinar o ben obxecto da concesión ao fin propio da mesma ou destinalo a outros fins distintos.

3 - Realizar obras de modificación do bar, sen obter o permiso municipal.

4 - Realizar de maneira reiterada as prestacións obxecto da concesión de forma deficiente ou moi deficiente.

5 - Incumprir o prazo máximo de execución dos investimentos ofertados a realizar para a prestación do servizo, e que serviron como criterio de adxudicación de a concesión.

6 - A comisión de infraccións moi graves, de acordo co réxime sancionador previsto nas presentes bases.

O concesionario está obrigado a cumprir o obxecto da concesión administrativa dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. A demora na súa execución, por causa imputable ao concesionario, poderá dar lugar á aplicación de penalizacións, segundo o previsto na cláusula anterior, o que non exclúe a indemnización de danos e prexuízos a que poida ter dereito o Concello, orixinados pola demora do concesionario, ou que se causen a terceiros.

Acordada polo Concello a caducidade ou resolución do contrato sen que o concesionario deixaría libres as instalacións poderá acordarse, de oficio, o seu lanzamento, de acordo co establecido nos artigos 120 e ss. do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- REVERSIÓN.

Ao termo do prazo da concesión, a instalación reverterá ao Concello a todos os efectos, recuperando a posesión da mesma, debendo atoparse en bo estado de conservación e funcionamento, a cuxo efecto antes de que finalice o prazo da concesión o Concello revisará o seu estado, ordenando á vista da inspección as reparación e reposicións necesarias para mantelo nas condicións adecuadas. As obras e traballos de reparación e reposición que deban efectuarse serán por conta do concesionario, quedando afecta a tal fin a garantía definitiva.

Para iso, o concesionario deberá efectuar a entrega de forma pacífica, antes das trece horas do día seguinte ao de finalización do prazo da concesión. Á entrega, acompañará unha relación de todos os bens existentes que deban reverter á propiedade municipal, e expedirase unha acta de recepción, na que se especificará de forma expresa o estado de conservación dos bens obxecto da reversión. Transcorrido este prazo, o Concello poderá acordar e executar por si o lanzamento, sen necesidade de requirimento ou apercibimento algún.

Igualmente, producirase a reversión nos supostos de extinción recollidos nas presentes bases.

VIXÉSIMA SEGUNDA.- RESCATE.

A Corporación Municipal resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevindas de interese público, mediante a indemnización ao concesionario dos danos que se lle causasen, ou sen ela cando non procedese.

VIXÉSIMA TERCEIRA.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Confidencialidade.

A adxudicataria, como encargada do tratamento de datos e o seu persoal en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, deben tratar os datos persoais aos que teñan acceso de forma que garantan unha seguridade adecuada incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas, de conformidade co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos.

Tratamento de Datos.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento Xeral de Protección de Datos, os licitadores quedan informados de que os datos de carácter persoais que, no seu caso, sexan recolleitos a través da presentación da súa oferta e demais documentación necesaria para proceder á contratación, serán tratados polo Concello coa finalidade de garantir o adecuado mantemento, cumprimento e control do desenvolvemento do contrato.

VIXÉSIMA CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido en preséntalas bases, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, enconcreto, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Na súa falta, aplicaranse as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación coa presente concesión, serán resoltas polo órgano competente, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa, e contra os mesmos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao do seu notificación ou publicación, someténdose aos Xulgados da Orde Contencioso Administrativo que exerzan a súa xurisdición en Lugo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

Outeiro de Rei, 11 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Pardo Lombao.

R. 1019

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

O Concello da Pobra do Brollón mediante acordo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data de 10 de abril de 2025 aprobou a convocatoria e as “BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE 1 TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA E CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN MEDIANTE A MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.C TREBEP) AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA PARA TRANSFERENCIAS FINALISTAS PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADA NO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO (PLAN CONCERTADO 2025-2028).

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Pobra do Brollón e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial que acompaña ás bases da convocatoria como Anexo I.

As bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios físico do Concello da Pobra do Brollón, e na sede electrónica do Concello (<https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>).

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Taboleiro de anuncios físico do Concello de A Pobra do Brollón e no taboleiro da sede electrónica: (<https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>)

A Pobra do Brollón, 11 de abril de 2025.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1020

RÁBADE*Anuncio*

Resolución de alcaldía de 11 de abril de 2025 do Concello de Rábade, pola que se resolve a convocatoria para a praza de encargado/a de obras e servizos deste Concello, mediante sistema de concurso-oposición libre.

De conformidade coas bases da convocatoria para a selección e contratación do encargado da brigada de obras e servizos do Concello de Rábade e constitución dunha bolsa de emprego para esta categoría, polo procedemento de concurso-oposición libre, publicadas no BOP de Lugo Nº 298 de 27 de decembro de 2024, incluídas na oferta de emprego público do concello de Rábade para o ano 2023, publicada no BOP de Lugo Nº 28, do 28 de marzo de 2023.

Rematado o procedemento de selección por concurso-oposición, o día 7 de abril de 2025, publicouse na sede electrónica do Concello de Rábade e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido nas bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor da persoa aspirante proposta polo Tribunal, que acreditará os requisitos esixidos na convocatoria.

Visto que a persoa candidata proposta, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO:

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello de Rábade, para unha praza de encargado da brigada de obras e servizos, a xornada completa, incluída na oferta de emprego público do concello de Rábade para o ano 2023, publicada no BOP de Lugo núm. Nº 28, do 28 de marzo de 2023, co seguinte aspirante:

D. CARLOS LÓPEZ RODRÍGUEZ, con DNI Nº ***8204**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de Rábade: <https://rabade.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O que se publica en cumprimento do artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significando que contra o presente acordo, poderase interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativo de reposición, ante o Órgano administrativo que ditou este acto, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó desta publicación, tal e como establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

b) Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Provincia de Lugo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao desta publicación, se se opta pola impugnación directa ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, ou dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición potestativo ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

c) Sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro que se estime procedente.

Rábade, 11 de abril de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1021

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 2º bimestre do 2025.

Por Decreto da Alcaldía de data 11 de abril de 2025, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 2º bimestre do 2025, cuxo importe total ascende á cantidade de 100.891,63 (cen mil oitocentos noventa e un con sesenta e tres) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario ata o día 9 de xuño de 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 11 de abril de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1022

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 9 de abril **de 2025** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de marzo de 2025**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 9 de abril de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1023

SARRIA

Anuncio

MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023

ANTECEDENTES:

Por Resolución de Alcaldía deste Concello de data 02/04/2025, mediante decreto n.º 2025-0503, acordouse o seguinte respecto da modificación da OPE 203:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da Oferta de Emprego Público do ano 2023 do Concello de Sarria, aprobada mediante Decreto 2023-1779, de data 21/12/2023, nos seguintes termos, pasando a ter a seguinte redacción ao quedar eliminada unha praza de técnico de xestión de administración xeral do sistema de promoción interna e pasar a incluírse no sistema de acceso libre, por modificarse o réxime xurídico dunha praza de auxiliar administrativo, pasando de ser persoal laboral fixo a persoal funcionario de carreira e, finalmente, eliminarse unha praza de auxiliar administrativo que estaba prevista para o sistema de promoción interna:

A) ACCESO LIBRE

PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:

GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
A	A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA	TÉCNICO DE XESTIÓN	1	Concurso-oposición
C	C1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR TÉCNICO INFORMÁTICO	1	Concurso-oposición
C	C1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	INFORMADOR TURÍSTICO	1	Concurso-oposición
C	C1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA LOCAL	2	Mobilidade
C	C2	ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	4	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar					9	

PERSOAL LABORAL FIXO

GRUPO COTIZACIÓN	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
10	Operario de obras. Servizo deportes	1	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar		1	

PERSOAL FIXO-DISCONTINUO

GRUPO COTIZACIÓN	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
7	Auxiliar de Policía Local (8 meses)	1	Concurso-oposición
7	Auxiliar de Policía Local (4 meses)	2	Concurso-oposición
10	Operario parques e xardíns (4 meses)	5	Concurso-oposición
5	Informador turístico (4 meses) ¹	1	Concurso-oposición
10	Operarios camiños veciñais (8 meses)	6	Concurso-oposición
10	Tractoristas (8 meses)	2	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar		17	

B) PROMOCIÓN INTERNA:**PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:**

GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
C	C1	ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMINISTRATIVA	ADMINISTRATIVO	2	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar					2	

SEGUNDO. Publicar a modificación da Oferta de Emprego Público do ano 2023 no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste <https://sarria.sedelectronica.es> _no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interponer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o Alcalde deste Concello de Sarria, de conformidade con artigos 123-124 de lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas, ou recurso Contencioso- Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contenciosa- Administrativa. Se optase por interponer o recurso de reposición potestativo no poderá interponer recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo da que poida interponer Vd calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dererito.

Sarria, 8 de abril de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1024

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 2 de abril de 2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 9 de abril de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1025

Anuncio

El Pleno del Ayuntamiento, en sesión extraordinaria celebrada el día 11 de abril de 2025, aprobó provisionalmente el expediente de modificación de la ordenanza fiscal nº 8, reguladora de la taxa por la prestación del servicio de recogida de basura.

De conformidad con lo preceptuado en el artículo 17 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto refundido de la ley reguladora de haciendas locales, se expone al público el expediente por plazo de 30 días, el cual se computará a partir de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a efectos de que por cualquier persona interesada se pueda examinar el expediente y formular las reclamaciones que se estimen oportunas.

En el supuesto de que no se formularan reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

O Vicedo, 11 de abril de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1026

VIVEIRO

Anuncio

Por Acordo do Pleno municipal de data 9 de abril de 2025, aprobouse inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello.

De conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, adoptado o acordo de aprobación inicial da modificación puntual da RPT, exponse ao público durante o prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

A aprobación provisional elevarase a definitiva se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas.

A modificación puntual da Relación de Postos de Traballo estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica deste Concello. Ao taboleiro de anuncios dixital accederase a través da páxina web municipal www.viveiro.es, co seguinte percorrido concello dixital-sede electrónica-tablón de anuncios. Tamén poderá consultarse durante o período de exposición pública na Secretaría Municipal deste Concello en horario de 9 a 14:00 horas de luns a venres.

Viveiro, 10 de abril de 2025.- A alcaldesa, Dña. María Carmen Gueimunde González.

R. 1027

Anuncio

Tendo en conta o acordo do Pleno da Corporación do Concello de Viveiro adoptado na sesión celebrada en data 15 de xaneiro de 2025, acordando o inicio do expediente de deslinde da parcela 2065301PJ1326N, situada fronte ao Pazo Grallal, estrada en medio, colindante coa parcela 2065302PJ1326N00002JG, titularidade do Concello de Viveiro, no que se fixaba como data para o comezo das labores do deslinde o día 28 de abril de 2025, ás 9:00 horas.

Polo presente, ponse en coñecemento a resolución alcaldía en data 11 de abril de 2025 pola que se acorda a apertura dun período de proba extraordinario por un prazo de dez días hábiles a fin de que por parte dos servizos técnicos municipais se poida recabar a información necesaria que permita determinar as dimensións, configuración e realidade física e xurídica das parcelas a deslindar, podendo determinar a delimitación entre ambas.

No referido período de proba, sen prexuízo das probas que poidan recabarse por parte dos servizos técnicos, tamén poderá propoñerse proba, no mesmo período por parte do solicitante; en todo caso determinase a solicitude da seguinte información:

Neste período de proba, cómpre solicitar a incorporación do testamento ao que fai referencia a escritura de data 24 de novembro de 1964, outorgado en data 30 de setembro de 1924 por D^a Águeda Miranda López de Haro, ante o Notario de Viveiro D. Felipe Díaz Ponte, en tanto en canto refire a configuración da parcela a deslindar con carácter previo a ser dividida pola estrada LU-862.

Así mesmo cómpre solicitar a aportación por parte da Administración Autonómica de planimetría antiga da estrada LU-862, para poder comprobar as dimensións iniciais da estrada con respecto ás dimensións actuais e poder comprobar a súa afectación, no seu caso, á superficie e configuración da parcela titularidade do interesado solicitante do deslinde; e en consecuencia, ás dimensións, configuración e realidade física e xurídica das parcelas a deslindar e á delimitación entre ambas.

Acórdase suspender a data prevista para o inicio das labores de deslinde, que estaba prevista para o vindeiro 28 de abril ás 9:00 horas, deixando sen efecto a antedita data, e quedando suspendido o inicio das labores de deslinde, en tanto non se incorpore ao expediente a información e documentación referida no punto primeiro e sexa analizada e informada polos servizos técnicos municipais. A nova data de inicio das labores de deslinde será determinada unha vez conste informe valorativo da proba emitido polos servizos técnico municipais e publicada no BOP de Lugo, con sesenta días de antelación á data fixada para o inicio das labores de deslinde, cumprindo co prazo máximo establecido no artigo 52 da LPAP para a tramitación do presente procedemento.

Viveiro, 11 de abril de 2025.- A alcaldesa, Dña. María Carmen Gueimunde González.

R. 1028

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/01

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de suplemento de crédito 2025/SC/01 por importe de 44.673,63 euros, por acordo adoptado na sesión celebrada o 13/03/2025, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuada a oportuna modificación, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR (€)	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA (€)
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de persoal	570190,18	570190,18
2	Gastos en bens correntes e servizos	1818281,93	1818281,93
3	Gastos financeiros	1175	1175
4	Transferencias correntes	70319,69	70319,69
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	517705,74	562379,37
9	Pasivos financeiros	7908,02	7908,02
TOTAL GASTOS		2985580,56	3030254,19

Xermade, 11 de abril de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1029

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS BASES DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.

BDNS (Identif.): 826494

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/826494>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra o montaña, vehículos históricos y energías alternativas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2025, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>.

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 21 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1008